

ECONOMÍA MERGULLO



TOTAL	75% FEMP	25% Nacional
19.722,32€	14.791,74€	4.930,58€

ECONOMÍA 3

COIDAMOS DO NOSO MAR



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

 Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e da Pesca
(FEMP)



Porto do Son



marea,



alcreba



Mar de Noia



Concello de Noia



Concello de Noia

Importe da
concedida (Público)

subvención

TOTAL

75% FEMP

25% Nacional

260.466,93€

195.350,20€

65.116,73€



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ECONOIA 3 e ECONOIA MERGULLO son proxectos de Responsabilidade Social Corporativa da [Confraría de Pescadores de Noia](#) que responden á [convocatoria](#) de axudas a [proxectos colectivos](#), financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños coa participación do sector produtor da pesca. En márcanse dentro do [Plan MarLimpo](#) da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

As actuacións incidirán na redución do lixo mariño facilitando que contribúan a protexer o seu medio de traballo e promover o papel fundamental das persoas pescadoras e mariscadoras como gardiáns do mar, podendo proporcionar coñecemento sobre o tipo, cantidades e distribución do lixo mariño. Liñas de actuación:

a) Accións para reducir a cantidade de lixo mariño e mitigar a pesca pantasma mediante a implicación das embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras e mariscadoras a pé, na súa recollida no mar ou no intermareal.

- Estudos previos de localización de zonas de acumulación de residuos mariños das zonas sometidas a plan de xestión de bivalvos da Confraría de Pescadores de Noia
- Econoia 3: seis xornadas de limpeza de bancos marisqueiros intermareais por 256 persoas mariscadoras a pé con apoio do persoal técnico e operarios da Confraría de Pescadores de Noia
- Econoia mergullo: catro xornadas de limpeza de bancos marisqueiros sublitorais por sete barcos con catorce tripulantes con apoio do persoal técnico e operarios da Confraría de Pescadores de Noia

b) Accións para mellorar a concienciación ambiental, a formación e a colaboración entre os actores marítimo-pesqueiros.

- Econoia 3: Proxecto audiovisual “Mareas Limpas” do I.E.S. Poeta Añón do Concello de Outes
- Econoia 3: Formación presencial e visitas guiadas para coñecer os valores naturais e o impacto do lixo mariño nos bancos marisqueiros que están dentro da Zona de Especial Conservación da Rede Natura 2000 Esteiro do Tambre por Arcea S.L.
- Econoia 3: Exposición de arte con lixo mariño (artcycling) de Mar de Fábula, ALIVAVÁ e Asociación A Creba.
- Econoia mergullo: Formación sobre procedemento para a retirada de lixo mariño a mergullo realizado por persoal técnico con experiencia.

c) Accións en terra para a o almacenamento, manexo, clasificación, caracterización, tratamento e reciclaxe de lixo mariño recollido, incluídas as artes de pesca perdidas.

- Econoia 3: Clasificación e inventario dos residuos recollidos en cada xornada rexistrando peso e número de obxectos de plástico, goma, metal, vidro e cerámica, téxtil e outros, realizados polos 256 persoas mariscadoras participantes nas limpezas coordinados por persoal técnico.
- Econoia mergullo: Clasificación e inventario dos residuos recollidos en cada xornada rexistrando peso e número de obxectos de plástico, goma, metal, vidro e cerámica,



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

téxtil e outros, realizado por 14 tripulantes das embarcacións e operarios coordinados por persoal técnico.

d) Accións para a xestión de residuos mariños

- Econoia 3: Realizado polos servizos municipais dos concellos de Muros, Noia, Outes.
- Econoia mergullo: Realizado polos servizos municipais do concello de Outes.

Econoia 3 ten un orçamento de 260.466.93€ e **Econoia mergullo** 19.722€ para os anos 2022-2023. **Están financiados o 75 % con fondos FEMP e o 25 % Nacional.**

O *grosso* do presuposto vai destinado a compensación das mariscadoras e mariscadores por día de traballo.

Resultado dos proxectos anteriores:

Durante as convocatorias dos anos 2020-21 e 2021-22 os mariscadores a pé da confraría de pescadores de Noia desenvolveron accións de limpeza activa, clasificación e inventario de residuos mariños baixo o **plan de xestión de bivalvos infaunais en zona de autorización** dentro zona de Especial Conservación (ZEC) da **Rede Natura 2000** Esteiro do Tambre.

Contou coa colaboración de asociación **Mar de Fábula** para das zonas de acumulación de residuos e a organización das limpezas, da asociación **Mar de Noia** na recuperación de pezas arqueolóxicas e divulgación a través das RRSS, da asociación **Liceo de Noia** en canto a infraestrutura para charlas e exposicións, do **Concello de Outes** e o **Concello de Noia** que prestaron a infraestrutura do servizo de recollida del lixo municipal para a xestión dos residuos.

As mariscadoras e mariscadores e pé realizaron 15 xornadas de limpeza ao longo de 20 km de costa, por parte de 233 mariscadores e mariscadoras a pé, onde se recolleron 469.904 obxectos cun peso de 64.915 kg e un volume de 367 m³. En peso, o plástico foi o 27% , o vidro e restos cerámicos foi o 20%, metal o 6%, téxtil o 7%, goma o 6%, e outros residuos como madeiras de barcos ou restos da clasificación o 32%. En número de obxectos o plástico foi o 61% , o vidro e restos cerámicos foi o 29%, metal o 2%, téxtil o 4%, goma o 1%, e outros residuos como madeiras de barcos ou restos da clasificación o 3%.

Leváronse a cabo tamén accións divulgativas sobre as actividades e resultados do proxecto por medio de charlas, a exposición Arte da Mar no Liceo de Noia e no Centro náutico de O Freixo, e publicacións de multimedia en redes sociais e a prensa.

Econoia 2020-2021 tivo un orzamento de 204.260,33€ e **Econoia 2 2021-2022** de 195.614.90€.

O proxectos de ECONOIA resultaron un éxito tanto na mellora do estado da costa como na divulgación e sensibilización sobre o impacto do lixo mariño. Os plans de xestión de recursos marisqueiros contribúen así aos obxectivos da **Directiva Marco sobre Estratexia Mariña**.



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

É un exemplo de colaboración entre administración, sector do mar e ONGs e no que as confrarías de pescadores contribúen a diminuír sensiblemente o impacto do lixo mariño.